

Expediente: 558/2024**Procedemento:** Contratacións.**Asunto:** REXENERACION PAIXÍSTICA NO PARQUE VISTALEGRE, XUNQUEIRA DOS MUIÑOS E AREAL

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

PRIMEIRO. Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	n.º/Data
Proxecto Técnico	Xuño 2024
Aprobación do Proxecto	DECRETO 2024-0314
Memoria xustificativa do contrato	13/06/2024
Providencia de Alcaldía	26/06/2024
Informe de Secretaría sobre procedemento a seguir	2024-0428
Autorización sectorial - Costas	06/07/2024
Autorización sectorial - Instituto de Estudos do Territorio	17/04/2024
Autorización sectorial - Augas de Galicia	18/07/2024
Autorización sectorial - Consellería de Industria	06/06/2024
Proposta de Resolución á Xunta de Goberno Local	2024-0429 PR/2024/73
Acordo da Xunta de Goberno Local de inicio do expediente	02/07/2024
Prego de Cláusulas Administrativas Particulares	09/07/2024
Anexos ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares	09/07/2024

SEGUNDO. Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de Contrato	Obras
Obxecto do contrato:	REXENERACION PAIXÍSTICA NO PARQUE VISTALEGRE, XUNQUEIRA DOS MUIÑOS E AREAL
Procedemento de contratación:	Aberto Simplificado Sumario (PASS)
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	70.005,54 €



Orzamento base de licitación IVE excluído:	70.005,54 €
IVE 21%:	14.701,16 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:	84.706,70 €
Duración do contrato	2 meses

TERCEIRO. Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto simplificado sumario.

Vista a proposta de resolución PR/2024/96 de 22 de xullo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 23 de xullo de 2024, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Alcaldía de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Por todo iso, en calidade de Alcalde en funcións do Concello de Outes, por delegación efectuada mediante Decreto n.º 2024-0389,

RESOLVO

PRIMEIRO. Avocar para este trámite concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, mediante resolución 2023-0334 do 19 de xullo, motivada pola urxencia e interese económica na tramitación do expediente.

SEGUNDO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado sumario para as obras de REXENERACION PAIXÍSTICA NO PARQUE VISTALEGRE, XUNQUEIRA DOS MUIÑOS E AREAL, financiadas con cargo ás subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, convocando a súa licitación.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO. Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe IVE incluído
2024	171.60900	84.706,70



QUINTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

SEXTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SÉTIMO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

OITAVO. Designar aos membros da Unidade Técnica encargada da admisión e valoración das ofertas, e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- D^a. Sonia Pérez Figueira, Técnica Auxiliar de Urbanismo.
- D^a. Clara Ortega Fernández, Secretaria da Corporación.
- D. Andrés Busto Allo, Técnico de Xestión e Promoción Económica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

